

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

# SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Denominación del Título**

Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

**Centro**

Facultade de Ciencias da Educación. Ourense

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Autoinforme provisional. Órgano de aprobación**

Comisión de Calidade

**Fecha**

09 / 29 / 2014

**Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación**

Xunta de Centro

**Fecha**

10 / 29 / 2014

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descripción del título

**ID del título**

ABR\_I\_0063/2008 Código MEC: 4310397

**Rama de conocimiento**

Ciencias Sociales y Jurídicas

**Universidad solicitante**

Universidade de Vigo

**Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto**

Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)

**Centro/s donde se imparte el título**

Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)

**En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:**

**UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:**

**Tipo de educación**

Presencial

**Régimen de estudios**

Tiempo completo (se admite también matrícula a tiempo parcial)

**Periodicidad de la oferta**

Anual

**Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

30 + 2 de formación continua

**Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudiante y período lectivo**

60

**Normas de permanencia**

Aprobadas Consello de Goberno do 20 de julio de 2012 para los nuevos títulos.

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/normativa/universidade/ordenacion/normas.html](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/universidade/ordenacion/normas.html)

**Información sobre la expedición de suplemento al título**

BOE (11 de septiembre de 2003):

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/11/pdfs/A33848-33853.pdf>

Universidade de Vigo. Normativa reguladora de tramitación do suplemento europeo ao título:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral\\_es/\\_galeria\\_descargas/normativa\\_reguladora\\_de\\_tramitacion\\_do\\_suplemento\\_europeo\\_ao\\_titulo.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf)

**Responsable del título**

Mar García Señorán

**Coordinador/a del título**

Mª del Pino Díaz Pereira

**Correo electrónico del/de la responsable del título**

[mseoran@uvigo.es](mailto:mseoran@uvigo.es)

**Fecha de verificación del título**

03 / 03 / 2009

**Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros**

15 / 04 / 2001

**Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia**

15 / 10 / 2008

**Fecha de inscripción en el RUCT**

15 / 04 / 2011

**Fecha de publicación en el BOE**

11 / 05 / 2011

**Curso de Implantación**

2008-2009

**Modificaciones autorizadas**

Fecha de la última autorización de modificación del plan de estudios, por la ACSUG: 27/05/2013

**Fecha de la última acreditación**

25 / 02 / 2009

**Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título**

Comisión de Garantía de Calidad de la Facultad de Ciencias de la Educación

**Memoria vigente del título**

2013\_Memoria-final\_Diversidade.pdf

**Archivo**

No se adjuntó documento

**Descripción del Título. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- A denominación do título é clara e relaciónase co contido do Mestrado, polo que non se propón ningún cambio.

- Tamén se mantén a Universidade solicitante (Universidade de Vigo) e o centro responsable dos seus ensinos (Facultade de Ciencias da Educación). Na mesma liña, mantense a modalidade do ensino (presencial), a periodicidade anual, a estrutura cuatrimestral, a expedición do Suplemento Europeo ao Título e o número de créditos (60). Os créditos organízanse deste xeito: 22.5 son obrigatorios, 13.5 son optativos, 12 son de Prácticas Externas Curriculares e 12 do Traballo Fin de Mestrado. Esta organización implantouse por vez primeira no curso 2013-14, ao abeiro do novo plan de estudos. Con anterioridade todas as materias eran optativas, agás as prácticas e o TFM.

-A finais do curso 2013-14 variouse a persoa responsable do título, pois se realizaron eleccións a decanato, sendo a nova decana a profesora Mar García Señorán. En xullo de 2014 tamén variou a coordinadora do título por reforma da anterior coordinadora.

-Non se modifica o nº de prazas de novo ingreso, pois 32 (30 + 2 de formación continua) é unha cantidade, que aínda que elevada, cóbrease anualmente.

- Para facilitar a conciliación dos estudos coas actividades laborais, vida familiar, situacións de discapacidade e outro tipo de obrigacións e situacións, mantense que os estudantes que así o soliciten poderán acceder á matrícula a tempo parcial. Así mesmo ofrécense prazas de formación continua (2). A matrícula ordinaria a tempo completo atópase entre 48 e 60 créditos. Admítase matrícula a tempo parcial, dun mínimo de 24 créditos e un máximo de 48 créditos, excluíndose da 1ª matrícula as materias de Prácticas Curriculares Externas e o Traballo Fin de Mestrado.

-Non é un mestrado para profesións reguladas

- Os idiomas utilizados na docencia son o español e o galego. O uso do galego favorece a incorporación normalizada de estudantes procedentes de Portugal e Brasil, e o uso do español do resto do contexto latinoamericano. Nunha das materias úsase parcialmente o inglés. Ata o momento, a variedade lingüística non xerou ningún problema e, con todo, enriqueceu a riqueza e formación lingüística do alumnado.

-Durante o curso 2013-14 mellorouse a estrutura, organización e visibilidade da web do Mestrado. Tamén se corrixiu algunha información contradictoria referida ao nº de créditos mínimos de matrícula. A información xeral do Mestrado atópase máis visible que en cursos precedentes e contén toda a información básica: responsables de coordinación (xeral, de Practicum e de Traballo Fin de Mestrado, así como o profesorado que coordina as diferentes materias), o nº de prazas ofertadas, requisitos de admisión, condicións para a matrícula a tempo parcial e formación continua, calendario e horario escolar, información e acceso á automatrícula, etc. Consideramos que toda a información relevante está facilmente accesible.

- No curso 2013-14 implantouse o novo plan de estudos, cuxa modificación obtivo o informe favorable da ACSUG o 27 de maio de 2014.

-Tamén neste curso abriuse a posibilidade de conectar este Mestrado con novo programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento, autorizado pola orde do 5 de decembro de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A web do Mestrado publica un enlace á web deste programa de doutoramento.

- Consideramos que actualmente no se ve necesario ningún cambio referido ao título, no seu conxunto, nen a a calquera criterio particular.


### **Buenas prácticas**

Durante o curso 2013/14, o decanato participou na conferencia de Decanas/vos de Facultades de Educación, tal como véñese facendo desde a súa creación. Neste tipo de foros discútese o sentido e os problemas non só dos grados senón tamén dos mestrados universitarios que se ofrecen desde as Facultades de Educación.

### **Propuestas de mejora**

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

 certificado acordo pto-10 \_ Cambio coordinación mestrados Diversidade e Adolescentes.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

As evidencias existentes seguen a poñer de manifesto o interese do título, posto que a súa demanda segue sendo elevada.

A Facultade de Ciencias da Educación mantén contacto regular coa Conferencia de decanatos e direccións de centros relacionados coa Educación, nos que se analizan os diversos Mestrados que se ofrecen. Especial relación existe coas Facultades de Educación das Universidades galegas, coas que mantemos contacto permanente con intercambio de información, reuníndonos os equipos decanais anualmente. O contacto esténdese a outras entidades moi vinculadas coas temáticas do mestrado, como asociacións de inmigrantes, Cruz Vermella, servizos sociais e educativos dos concellos, etc.

A información pública da web ofrece o suficiente atractivo como para animar a futuros estudantes a elixir este mestrado, tendo en conta que son varios os mestrados educativos que ofrece tanto a Universidade de Vigo, como a propia Facultade de Ciencias da Educación. Os datos de matrícula, desde a implantación do do título ata a actualidade, avalan o interese que suscita, pois o número de matriculados de novo acceso mantívose sempre ao redor dos 30 estudantes.



Alumnado de Novo Ingreso no Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos educativos. Prazas ofertadas: 30+2

2008-2009 2009-2010 2010-2011 2011-2012 2012-2013 2013-2014

27 35 28 32 35 34

Durante o curso 2013-14, debido ao amplo número de solicitudes e aínda sendo 30 (+2 de formación continua) o número de prazas que se ofrecen, ampliáronse ata 34. Un número moi elevado, tendo en conta que a actual crise económica comeza a dificultar o pago das taxas académicas.

Curso 2013-14

Nº de prazas que se ofertaron 32 (30 + 2 de formación continua)

Nº total de demandas 78

Nota media de acceso 7,884823529

Matricula total 34 (solicitáronse 2 mais)

Non contamos coas taxas de empregabilidade derivadas deste mestrado, pois nin a Universidade nin a Xunta de Galicia realizaron tales estudos. Este mestrado non pode acometer tal tarefa cos seus propios recursos persoais. Aínda así, consideramos que a obtención deste mestrado é útil porque complementa a formación inicial dos estudantes, porque no ámbito laboral educativo e socio-educativo privado ter un título de mestrado (e especialmente esta temática) considérase un mérito valorado, e no ámbito público (por exemplo nas oposicións a maxisterio) é un mérito puntuable.

- Conferímoslle especial importancia á ampliación das institucións e servizos nos que se podan realizar as prácticas externas, que van dende centro educativos, servizos de diferentes administración locais, asociación de apoio a persoas discapacitadas, centros culturais, etc. Ofrecéronse ao alumnado no curso 2013-14 algo mais de 70 institucións nas que podían realizar as prácticas externas curriculares, organizadas en diversos ámbitos de intervención: educación institucional, educación de adultos, administración local e provincial, ámbito sociocomunitario, asociacións culturais, ámbito de ocio-tempo libre/ animación sociocultural, asociación de inmigrantes, saúde e drogodependencia, terceira idade, necesidades específicas de apoio, ámbito laboral, etc. Actualmente a Universidade asina convenios de prácticas que afectan posteriormente a todos os títulos da Universidade, con independencia do título ou centro que foran promotores do mesmo. Por este motivo, o nº de convenios para prácticas aos que poden legalmente acceder o noso alumnado é moi amplo, aínda que non todos son do seu interese. Aínda así, no curso 2013-14 o Mestrado dispuña de mais de 100 convenios, cifra que aumenta anualmente, adaptado ás necesidades do título.

Na web do mestrado faise público a xustificación do título e os seus procedementos de consulta na sección de "Máis información"


### Buenas prácticas

La relación que se mantiene con la Conferencia de Decanas/os y Directoras/es de Facultades de Educación y Escuelas de Formación del Profesorado, y la relación con las Facultades de Educación de las Universidades Gallegas, reuniones todas ellas en las que se discuten cuestiones que también se relacionan con los Másteres.

### Propuestas de mejora

### Breve descripción de las modificaciones

### Justificación de las modificaciones

Reunion\_Decanos\_as.pdf  
 Xustificacion.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- Durante o curso 2013-14 puxéronse en marcha os obxectivos e competencias incluídas na nova Memoria, na que se actualizaron, entre outros aspectos, as competencias e obxectivos do título. Na nova Memoria aparecen definidas dun modo máis claro as competencias que teñen que adquirir as alumnas e alumnos unha vez finalizado o Mestrado.

- Nas competencias incluídas na nova Memoria existe un adecuado equilibrio entre as competencias conceptuais, procedimentales e atitudinales. Consideramos que as competencias e obxectivos son suficientes e adecuados para o título.

-O importante neste momento é que tanto os contidos como as actividades do Mestrado estean na liña, e colaboren, na adquisición dos mesmos.

-No curso 2013-14 o profesorado segue mostrando a súa satisfacción cos obxectivos do título (5,81 sobre 7) e manifesta que os revisa anualmente (5,56 sobre 7). Con todo, a valoración que realizan os estudantes é máis baixa. Ao ítem de si coñecen e se móstran satisfeitos cos obxectivos xerais do plan de estudos dan unha valoración de 4,62 (sobre 7) e a pregunta de si as guías docentes son accesible e coherentes cos obxectivos do plan de estudos outórganlle unha

valoración de 4,27. No primeiro caso a súa valoración é de case un notable, pero ignoramos que peso pode ter o que “coñezan” os obxectivos (normalmente os estudantes non adoitan interesarse por mirar os obxectivos dun título ou materia) fronte ao “estou satisfeito”. No segundo caso a valoración é algo máis baixa, polo que deducimos que o problema non deriva tanto de si os obxectivos son ou non son adecuados, senon en si se traballan ou non desde as diferentes materias. Este problema será comentado no apartado de planificación.

- Procurouse que os obxectivos xerais do Mestrado se plasmasen no desenvolvemento práctico do mesmo, tanto no que se refire a contidos, como a actitudes e comportamentos. Neste título cuestións fundamentais como a igualdade entre mulleres e homes e a atención á diversidade (por idade, clase social, discapacidade ou sistemas culturais) están presentes no funcionamento cotián e académico, constituindo o núcleo temático das materias que compoñen o título.

-Ademáis, no curso 2013-14, coa colaboración directa na maioría dos casos do profesorado deste Mestrado, a Facultade organizou diversas actividades formativas relacionadas coa temática dos módulos deste título, entre as que destacan:

- Faladoiro sobre Intervención Social e Desenvolvemento? (18-09-2013)
- Charla sobre a renda básica (04-02-2014)
- Curso sobre Actividade física e estimulación cognitiva (14/28-03-2014)
- Ciclo Cinema e Muller 10/11-04-2014)
- I Semana da Promoción Social (7/10-04-2014)
- Conferencia Diabete e Deporte (06-06-2014)

- Fíxose un gran esforzo para que as competencias procedimentais se aplicaran na práctica, a través da realización dunha ampla gama de actividades prácticas (realización de obradoiros, saídas, visionado e análise de materiais audiovisuais, participación de expertos, etc.).

- Conferímoslle especial importancia á ampliación das institucións e servizos nos que se podan realizar as prácticas externas, que van dende centro educativos, servizos de diferentes administración locais, asociación de apoio a persoas discapacitadas, centros culturais, etc. Inicialmente ofrecéronse ao alumnado no curso 13-14 algo máis de 70 institucións nas que podían realizar as prácticas externas curriculares, organizadas en diversos ámbitos de intervención: educación institucional, educación de adultos, administración local e provincial, ámbito sociocomunitario, asociacións culturais, ámbito de ocio-tempo libre/ animación sociocultural, asociación de inmigrantes, saúde e drogodependencia, terceira idade, necesidades específicas de apoio, ámbito laboral, etc.

- O tipo de alumnado de novo acceso, cun craro descenso dos Diplomados (que pasaron de 30 no curso 12-13 a 8 no 13-14) e un importante peso de graduados, fai que teñan unha preparación académica previa moito máis sólida, e con experiencia na realización de Traballos Fin de Grao. Esta situación favorece a realización do Traballo Fin de Mestrado e asenta dun xeito máis firme a adquisición das competencias relacionadas con esta materia.

No curso 2013-2014 mellorouse a organización dos obxectivos e as competencias na web, facéndoos coincidir cos incluídos na Memoria, xa que no curso anterior só se presentaba un resumo dos mesmos na pantalla de inicio e os correspondentes á Memoria nunha opción de segundo nivel de accesibilidade. O acceso completo realízase agora desde a pantalla de inicio, sendo así máis visibles e accesibles.

### **Buenas prácticas**



No curso académico 2013-14 mantemos a iniciativa, como en anos anteriores, de deseñar e poñer en práctica as Actividades de Módulo. Esta actividade está pensada para traballar competencias moi relacionadas con ámbitos profesionais vinculados coas diferentes materias que constitúen cada módulo do mestrado, Tales actividades de módulo adoitan variar algunhas anualmente e outras se manteñen durante dous ou tres cursos; todo iso coa finalidade de actualizar e incorporar competencias. As actividades de módulo levadas neste curso académico foron:

- (1) Módulo I: Seminario de Multiculturalismo e patrimonio cultural galego, que incluía charla e comentario dun vídeo (8 e 9 de outubro) e saídas (Casa da Roda...) (26 e 27 de setembro)
- (2) Módulo II: Presentación e visita da experiencia do Centro de Desenvolvemento rural O Viso (31 de outubro).
- (3) Módulo III: Visita a centros de educación de adultos da cidade de Ourense (5 de decembro)
- (4) Módulo IV: Seminario sobre as boas prácticas na atención personalizada a mulleres vítimas da desigualdade no medio rural.
- (5) Seminario a partir do visionado e discusión, baixo a titorización de persoas implicadas, do documental “O desorde dos sentidos”, una experiencia de superación de persoas con discapacidade.

**Propuestas de mejora**

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

-  Competencias\_Obxectivos.pdf
-  Emails\_anuncian\_actividades\_modulo.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- A finais do curso 12-13 modificouse a Memoria do título. A nova Memoria do Mestrado xa se axusta á implantación dos novos Graos e, polo tanto, á lexislación vixente, pois na Memoria anterior só se mencionaban no apartado de acceso e admisión as titulacións a extinguir, e non os novos títulos. Por este motivo, durante o curso 2013-14 xa se contemplou o acceso das e dos graduados.

- Neste curso académico mantivéronse as accións de promoción da titulación e captación do alumnado levadas a cabo en cursos precedentes, debido a ser consideradas suficientes no proceso de difusión da titulación. Presentouse o Mestrado no acto de acollida do alumnado de novo ingreso dos Graos da Facultade, así como no acto de graduación das promocións de graos da promoción 2000-01/2003-04. Presencia do título na web da Facultade, inclusión do Mestrado nos dípticos publicitarios da Facultade, etc. Información deste os outros mestrados do centro se deu a coñecer en todas as actividades de difusión nas que participou a Facultade. Ademais, incorporouse un anuncio do título nunha publicación de carácter profesional (a Revista Galega de Educación). Como actividade novedosa, o 18 de xuño de 2014 levouse a cabo un acto informativo específico de presentación dos Mestrados da Facultade, destinado ao alumnado de 4º dos Graos do centro.

O alumnado coñece nun grado adecuado (o equivalente a un notable alto) os criterios e os procedementos de admisión, aspecto que puntúan como media cun 5,92 (nunha puntuación de 1 a 7). Para facilitar máis esta información, situamos na

pantalla de inicio da web unha información específica sobre esta cuestión, que leva por título "Acceso e admisión estudantes".

-O grado de satisfacción do alumnado relacionado cos requisitos de acceso é lixeiramente máis baixa (5,67 sobre 7) aínda que satisfactoria (a media da Universidade de Vigo é de 4,88). Supoñemos que nesta valoración inflúe non tanto os criterios de admisión (por expediente académico dentro de cada grupo de acceso), senón o procedemento informático que deben usar no proceso de matrícula. O procedemento de auto-matricula cada vez é máis complexo, e con problemas técnicos, o que pode xerar angustia e insatisfacción co procedemento.

- Como xa indicamos, e aínda con problemas, o procedemento de acceso e admisión xerou a entrada dun elevado nº de estudantes de novo acceso, sendo de 34 o correspondente ao curso 2013-2014, cifra que supera as 30 prazas ofrecidas (+2 de formación continua), un incremento de oferta debido á elevada demanda deste máster, e porque se deron casos de non poder realizar a matrícula correctamente no prazo establecido por problemas técnicos da aplicación.

- Creemos tamén interesante analizar a evolución das titulacións que posúen os estudantes de novo acceso do Mestrado:

#### Curso

(Novo acceso) Validación estudos estranxeiros Graos Diplomaturas Licenciaturas Total prazas de novo acceso  
2008-2009 1 17 9 27  
2009-2010 1 31 3 35  
2010-2011 1 25 2 28  
2011-2012 1 29 2 32  
2012-2013 0 30 6 36 (un deles anulou matrícula)  
2013-2014 3 19 8 4 34

No curso 2013-14 irrompen con forza as graduadas e graduados, que xunto co alumnado xa licenciado forman a gran maioría dos estudantes de novo acceso, reducíndose moito o peso do alumnado con diplomatura. No primeiro curso académico contabamos con 9 licenciadas/os, pero o seu número redúcese drásticamente ao ano seguinte. Supoñemos que a causa é que no curso 2009-10 na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense se implantan por vez primeira 2 novos mestrados, esta vez de investigación, opción que é a elixida por case a totalidade dos licenciados e licenciadas inscritos neste tipo de estudos da Facultade. No curso 2012-13 mellora a situación, pero séguese mantendo un elevado nº de diplomas/vos (na súa maioría procedente dos estudos de Maxisterio), o que supón que o noso alumnado chéganos con menor formación académica, pero, ao mesmo tempo, o noso mestrado permítelles seguir continuando estudos universitarios e integrarse no estilo dos novos títulos do EEES. A situación variou no curso 2103-14, coa irrupción de graduadas e graduados, que xa contan cunha experiencia formativa moi interesante: a realización do Traballo Fin de Grao.

Os títulos de acceso concéntranse nos relacionados co ámbito educativo, especialmente os estudos de Maxisterio. A continuación describimos as titulacións de entrada dos estudantes de novo acceso durante o curso 2013-14:

Grao Educación Primaria (13) Grao en Educación Infantil (5) Grao en Educación Social (1) Licenciatura Psicopedagogox. (4) Diplomaturas Maxisterio (6) Diplomaturas Educ. Social (1) Est. Realizados estranxeiro (3)

#### Actividades de orientación do estudante:

No calendario do mestrado incorpórase unha sesión de acollida, que se realiza o día anterior ao comezo das clases. Nesa sesión preséntase a estrutura do título, obxectivos e competencias, etc., completándose con actividades específicas de orientación das prácticas externas e do Traballo Fin de Mestrado. Ademais, en todas as materias resérvanse horas de titorización para resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Malia esta preocupación que ten o mestrado por estas responsabilidades, o grado de satisfacción do alumnado cos distintos colectivos implicados nas acción de orientación é baixo e preocupante (3 sobre un máximo de 7, menor ata que o pasado curso de 3,6 e tamén inferior á da Universidade de Vigo, situada no 3,78)). Posto que consideramos que a orientación académica referida á estrutura do Mestrado e ás diferentes materias é correcta, debemos buscar onde se sitúa o seu grado de insatisfacción. Comezaremos por abordar o sistema de procura de emprego, ofrecéndolle actividades formativas complementarias ao Mestrado, e seguiremos coa presentación de vías de continuación de estudos a través da información sobre os programas de doutoramento. Esperamos que con estas medidas mellore a súa satisfacción.

Por outro lado, tamén os propios servizos da Universidade relacionados coa orientación académica e profesional deberían ter acción específicas destinadas aos estudantes dos Mestrados. Así, entre todos, poderíamos mellorar as actividades de

orientación.


## **Buenas prácticas**

### **Propuestas de mejora**

- Asignar como docente titor do alumnado aquel que se encargue da titorización do TFM
- Levar a cabo actividades destinadas á orientación laboral e procura de emprego
- Realizar algunha actividade de presentación dos programas de doutoramento

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

 Acceso\_estudiantes.pdf



**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

(1) Asignar como docente tutor do alumnado aquel que se encargue da titorización do TFM (2) Llevar a cabo actividades destinadas á orientación laboral e procura de emprego

**Punto débil detectado**

(1) Non existía un tutor ou titora personalizado para cada estudante, se ben a titorización se realizaba fundamentalmente a través dos docentes con responsabilidades de coordinación (2) Escasa satisfacción coas accións de titorización

**Ámbito de aplicación**

(1) (2) Plan de Acción Tutorial

**Responsable de su aplicación**

(1) (2) Comisión Académica

**Objetivos específicos**

(1) Que cada estudante teña unha titora ou tutor (2) Llevar a cabo actividades de orientación laboral

**Actuaciones a desarrollar**

(1) Asignar unha titora ou tutor a cada estudante (2) Realizar sesións de orientación laboral

**Periodo de ejecución**

(1) (2) Curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

(1) (2) Ningún

**Indicadores de ejecución**

(1) Que as titoras e tutores estean asignados e publicados na web (2)

**Objetivos**

(1) Mellorar a aplicación do PAT (2) Realizar actividades de orientación laboral e para o emprego

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

Aceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

(3) Realizar algunha actividade de presentación dos programas de doutoramento (4)

**Punto débil detectado**

(3) Baixa valoración dos procesos de orientación

**Ámbito de aplicación**

(3) PAT

**Responsable de su aplicación**

(3) Comisión Académica

**Objetivos específicos**

(3) Levar a cabo actividades de orientación académica

**Actuaciones a desarrollar**

(3) Realizar unha sesión de presentación de programas de Doutoramento

**Periodo de ejecución**

(3) (4) Curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

(3) (4) Ningún

**Indicadores de ejecución**

(3) Realización da actividade

**Objetivos**

(3) Mellorar a orientación académica

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- Durante o curso 2013-14 se implantou a nova reforma do plan de estudos. A partir destes cambios, auméntanse o nº de obrigatorias e diminúe a optatividade. En cada módulo establécese unha materia obrigatoria, co que se garante a adquisición de competencias relacionadas con todos os módulos. Esta modificación foi unha oportunidade para revisar os obxectivos e competencias das materias, que foron actualizados

- Dado o contido dos módulos do Mestrado (relacionados todos eles coa diversidade), téñense en conta e revísanse especialmente os ensinamentos relacionados cos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, cos principios de igualdade de oportunidades, de acesibilidade universal das persoas con discapacidade e de educación para a paz, permitindo así conseguir os obxectivos e competencias definidos. Nesta liña tamén se organizan dende a Facultade, e abertas a todo o seu alumnado, incluído o deste Mestrado, actividades de formación complementaria que recollen diversos aspectos relacionados coa diversidade.

- Neste curso académico non detectamos problemas nas guías docentes. As guías revísanse ao final de cada curso, no momento da súa incorporación á plataforma DocNet. A Facultade convoca ao profesorado a sesións informativas para a súa cumplimentación, resaltando, especialmente, cuestións relacionadas co solapamento posible entre diversas materias, así como co relativo ao sistema de avaliación. A versión didáctica da guía docente, é dicir, a súa concreción na aplicación

na aula, se desenvolve sempre con anterioridade ao periodo de docencia, entre o profesorado dunha mesma materia.

- Dentro da planificación das prácticas externas curriculares ten gran importancia a oferta de prazas en instrucións e servizos que cubran diferentes responsabilidades, axustándose ás necesidades dos módulos do Mestrado. Durante o curso 2013-2014 se realizaron as prácticas nas seguintes entidades:

(a) Centros educativos

- Aulas ordinarias
- Departamentos de Orientación
- Aula hospitalaria

(b) Servizos da administración local

- Concellería de Benestar, Departamento de Inclusión e Inmigración
- Mancomunidade de Concellos

(c) Servizos Socio-comunitarios

- Centros de menores
- Comunidade terapéutica interpenitenciaria
- Organización de formación e animación

Centro de animación á lectura

- Centros para a terceira idade

(d) Servizos de atención para persoas con necesidades específicas

- Centros de integración social e ocupacional para persoas con minusvalías psíquicas
- Centro de Psicoloxía e Logopedia
- Asociación de altas capacidades

- Centros de día para persoas con parálise e dano cerebrais

(e) Asociacións que atenden a colectivos diferentes

- Cruz Vermella
- Cáritas

Como se observa, os lugares onde o alumnado fixo as prácticas durante o curso 13-14 son abundantes e moi variados, o que garante a calidade das prácticas e o seu axuste ás características dos diferentes módulos. Existen convenios específicos para a realización das prácticas curriculares externas para este Mestrado, así como convenios que abranguen a todas as titulacións da Facultade. Incluso, xa no curso 2013-2014 a Universidade asina convenios de carácter xeral, aplicables a todos os títulos. Por este motivo, os servizos/institucións nos que se poden facer as prácticas deste Mestrado aumentaron considerablemente. No curso 13-14 están xa asinados máis de 70 convenios con servizos, institucións e empresas que poden ser de interese para a realización das prácticas curriculares externas deste Mestrado. Gran parte destes convenios foron promovidos pola Facultade de Ciencias da Educación e polo propio Mestrado.

- A comezos do curso 2013-14 leváronse a cabo, dentro da sesión de acollida, unha acción específica relacionada co Traballo Fin de Mestrado e coas prácticas curriculares externas. Durante este curso apareceron por vez primeira as graduadas e graduados das novas titulacións, que xa contan cunha experiencia previa interesante: a realización do Traballo Fin de Grado, experiencia da que carecen os antigos diplomados. Por este motivo, a formación de entrada da maior parte do alumnado deste curso era máis adecuada, favorecendo a realización do Traballo Fin de Mestrado.

- Durante o curso 13-14 os resultados de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino ascendeu lixeiramente con respecto ao ano anterior, pasando dunha media de 3,8 a 4,08 (sobre 7). Aínda que esta valoración é aceptable (o equivalente a 5,8 en base 10), non nos parece suficiente.

Valoración do alumnado á planificación e desenvolvemento do ensino

Curso 2010-2011 2,81

Curso 2011-2012 4,72

Curso 2012-2013 3,81

Curso 2013-2014 4,08

Como se observa na táboa, o primeiro ano co que se contou con esta información, a valoración foi moi baixa, polo que se realizou un esforzo por parte do Mestrado en mellorar esta situación tan problemática. A partir dese curso, a valoración sempre se mantivo superior ao 3,5 e conseguiuase o obxectivo de calidade proposto de alcanzar ou superar a valoración de 4 para o curso 13-14. Aínda así, estaremos atentos a este apartado que consideramos debe mellorar. Polo tanto, estableceremos un sistema propio de avaliación das materias, co fin de recabar información sobre que materias, de ser así, recae a responsabilidade da actual valoración deste criterio, buscando en cada unha delas os seus puntos fortes e

debilidades.

Se analizamos o informe global da titulación no deseño das materias, a partir das enquisas de avaliación docente (ítems relacionados coa importancia da materia, equilibrio entre nº de créditos e volume de traballo, guías docentes e coordinación entre o profesorado), os resultados son moito mais positivos: 4,03 nos ítems relacionados coa planificación (sobre 5), superando sempre a media de avaliación dos mestrados tanto do centro (4,02), como da rama (3,98), sendo semellante á media da totalidade dos Mestrados da Universidade (4,04).

Se nos centramos nas tarefas de planificación do profesorado, a valoración tamén é positiva: 4,29 (sobre 5), superando tamén a media do resto dos Mestrados do centro (3,95), da rama de coñecemento (3,81) e do total dos Mestrados da Universidade (3,89).

Analizando agora os labores dos docentes na súa fase de desenvolvemento do ensino, a valoración é aínda mais positiva: 4,50, superando a media dos Mestrados do centro (3,96), da rama de coñecemento (3,81) e da totalidade dos Mestrados da Universidade (3,89)

Curso académico 2013-14. Valoración da actividade docente

Deseño do título Planificación docente Desenvolvemento

Mestrado Diversidade 4,03 4,29 4,50

Media Mestrados centro 4,02 3,95 3,96

Media Mestrados rama 3,98 3,81 3,81

Media Mestrados Univ. 4,04 3,89 3,89

Esa diferenza de valoración pode ser debida a que non teñen por que coincidir o alumnado que responde ás enquisas de avaliación do seu profesorado na propia aula, como aquel que cubre informáticamente o grao de satisfacción coa titulación.

Continuando co grao de satisfacción co título, o caso do profesorado si que se atopa satisfeito coa planificación e o desenvolvemento do ensino, puntuando o seu grao de satisfacción con 5,72 (sobre 7).

As taxas académicas correspondentes ao curso 13-14 son satisfactorias. A taxa de rendemento foi 94,13, a de eficiencia do 96,90% e a de éxito 99,54 superando as previstas na Memoria do título, cifradas nun 85%. Non procede para este curso a taxa de abandono, pois é o primeiro ano que se implanta a nova Memoria. En canto á taxa de graduación foi lixeiramente inferior ao previsto na Memoria 83,33), e inferior tamén aos dous cursos precedentes. Posto que as taxas de rendemento, éxito e eficiencia van entre un 94,13% ao 96,90%, supoñemos que esta baixada foi debido a que aqueles estudantes que non finalizaron o Mestrado no curso correspondente, parte deles non se matriculan novamente (polo custe económico que supón) ata que as súas circunstancias (académicas, persoas ou profesionais) lle permitan ter éxito nas materias que lle restan.

-Procuramos ter moito contacto entre e co profesorado, a través de charlas informais e da información continuada a través do correo electrónico. A convocatoria de xuntanzas están limitadas, pois consideramos que non se debe sobrecargar ao profesorado de reunións, co fin de que cando asistan a unha delas, teñan o interese suficiente como para debater, reflectir e facer propostas. Temos que lembrar que a maior parte do noso profesorado é docente da Facultade, polo que unhas xuntanzas súmanse a outras, queixándose da cantidade de tempo que se emprega en reunións, tempo que se extrae do que debían dedicar á docencia e á investigación. Por este motivo, centramos as xuntanzas na Comisión Académica, nas reunións entre coordinadores xerais, unha con todo o profesorado, ademais da coordinación que se establece entre o profesorado dunha mesma materia.

#### COORDINACIÓN DO PROFESORADO.

Xuntanzas de traballo e de coordinación levadas a cabo durante o curso 2013-14, relacionadas coa planificación do ensino.

(1) Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación.

- Xuño, xullo e setembro de 2013. Xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais. Obxecto: Preparación de toda a estrutura de apoio para a docencia do curso 2013-2014. Revisar necesidades, procedementos, calendarios, etc. do novo curso. Poñerse en contacto co profesorado cando foi preciso.

- 3 de setembro de 2013. Obxecto. Organizar o inicio do curso, especialmente no relativo ás Prácticas Externas e o Traballo Fin de Mestrado. Destinatarios e participantes. Profesorado con responsabilidades xerais no título: coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Practicum e do TFM, coordinador das relacións externas.

Asuntos tratados. Organización do Practicum e do TFM, establecemento de novos convenios con entidades externas, asuntos relativos ao TFM, e outras cuestións de interese.

- Setembro, outubro de 2013. Xuntanza de traballo para preparar a sesión de acollida. Participantes, coordinadora xeral, e responsables do TFM e do Practicum. Xuntanzas de traballo entre a coordinadora das Prácticas Curriculares Externas e o coordinador de Relacións coas Institucións Externas. Obxecto: Analizar as peticións de institucións e servizos do alumnado, asignarlles o lugar de prácticas e as titoras/es académicos. Revisar os convenios existentes e analizar si é necesario solicitar algúns novos

(2) Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia.

Ao longo do 1º e 2º cuadrimestre a coordinadora ou coordinador de cada materia mantén unha comunicación constante co resto dos docentes da mesma materia, coordinando a guía docente, a sesión de presentación da materia, datas para entrega de tarefas, sistema de avaliación, etc. Finalizado o curso, ou ás veces durante o mesmo, revisase o desenvolvemento do ensino, detectando problemas e buscando solucións, de ser o caso.

(3) Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo.

Cada módulo de materias diseña unha actividade común para todas elas. Esa actividade pode variar anualmente e pode mudar tamén o docente responsable da súa organización. Posto que a asistencia a esa actividade valórase con 1 punto na cualificación total do alumnado en cada materia, é vital organizar ben a actividade, darlle difusión e, unha vez realizada, comunicar ao profesorado das materias do módulo o listado do alumno/a asistente. Por este motivo, tamén este curso académico houbo unha coordinación, por un lado coa responsable do título e coa administrativa do mesmo, e por outro cos docentes de todas as materias de cada módulo.

(4) Xuntanzas de traballo para a preparación das guías docentes

Xuño/xullo 2014. Xuntanzas de traballo nas que participaron responsables do título entre si, responsables con algúns docentes, e docentes entre si. Obxecto: Preparación das guías docentes para o próximo curso 2014-15. Dende a Facultade organizáronse sesións para acceder á plataforma de DocNet e resolver tanto problemas técnicos, que van xurdindo ano a ano, como cuestións de tipo pedagóxico, especialmente o sistema de avaliación.

(5) Xuntanza de coordinación entre o profesorado e os docentes con responsabilidade no título

16 de xullo de 2014. Xuntanza dos responsables de coordinación co profesorado do Mestrado. Obxecto: tratar un dos puntos débiles do Mestrado, a percepción que ten o alumnado de escasa coordinación entre o profesorado dunha mesma materia. Anótanse tarefas para o próximo curso que deben terse enconta para este problema.

- En canto ao desenvolvemento do PAT, con incidencia na planificación das ensinanzas do Mestrado, destacamos a información que se ofrece na sesión de acollida, onde se informa da estrutura do plan de estudos e, especialmente, das materias de Practicum e Traballo Fin de Mestrado. Todas as materias teñen un tempo previsto para a orientación académica das mesmas, na propia aula. A orientación tamén se desenvolve a través dos docentes con responsabilidades especiais de coordinación: do TFM, das prácticas externas, de conexión con institucións externas, e a coordinación xeral do título. O sistema de comunicación preferente co alumnado é o contacto a través, fundamentalmente, de dous canles: por Faltic, para as cuestións relacionadas con cada materia, e mediante a creación dun grupo de correo electrónico con todo o alumnado do título. O profesorado do mestrado ten horario de titorías nos propios gabinetes, coa excepción de aqueles docentes que non son profesorado da Facultade, que empregan o correo electrónico. Algúns docentes tamén usan o Skype para comunicarse directamente con algúns alumnos e alumnas, especialmente na materia de Traballo Fin de Mestrado.

- A organización da web inclúe todo o relacionado con este apartado: guías docentes, calendario de clases e de exames, relación de responsables de coordinación, tanto xerais como das diferentes materias, relación do profesorado, etc. As materias de TFM e prácticas externas teñen na web, ademais das súas guías docentes respectivas, unha información complementaria.

### **Buenas prácticas**

No curso académico 2013-14 mantemos a iniciativa, como en anos anteriores, de deseñar e poñer en práctica as Actividades de Módulo. O carácter innovador das actividades de Módulo radican en que non están incluídas no plan de estudos do título, porque non pertencen á organización das materias ordinarias. Trátase de programar unha actividade que non está destinada a unha materia concreta, senón a todas as materias dun mesmo módulo, como complemento formativo, incluíndose no sistema de avaliación das mesmas. Esta actividade está pensada para traballar competencias moi relacionadas con ámbitos profesionais vinculados coas diferentes materias que constitúen cada módulo do mestrado, Tales



actividades de módulo adoitan variar algunhas anualmente e outras se manteñen durante dous ou tres cursos; todo iso coa finalidade de actualizar e incorporar competencias. As actividades de módulo levadas neste curso académico foron:

Módulo I: Seminario de Multiculturalismo e patrimonio cultural galego, que incluía conferencia (9 de outubro) e saídas académicas (Casa da Roda...) (26 e 27 de setembro)

Módulo II: Presentación e visita da experiencia do Centro de Desenvolvemento rural O Viso (31 de outubro).

Módulo III: Visita a centros de educación de adultos da cidade de Ourense (5 de decembro)

Módulo IV: Seminario sobre as boas prácticas na atención personalizada a mulleres vítimas da desigualdade no medio rural.




Seminario sobre "O desorde dos sentidos", una experiencia de superación de persoas con discapacidade.

### Propuestas de mejora

Realizar un estudo sistemático do desenvolvemento das materias, consultando directamente ao alumnado, co fin de detectar fortalezas e debilidades.

### Breve descripción de las modificaciones

### Justificación de las modificaciones

-  ACTA COORDINACIÓN MESTRADO DIVERSIDADE 001.pdf
-  Coordinacion\_16 XULLO 2014.docx
-  Planificacion.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

Planificación de las enseñanzas. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Satisfacción alumnado coa planificación e desenvolvemento

**Punto débil detectado**

Grao de satisfacción do alumnado só aceptable, susceptible de mellora

**Ámbito de aplicación**

Docencia

**Responsable de su aplicación**

Comisión Académica

**Objetivos específicos**

Coñecer os puntos débiles e fortalezas na docencia

**Actuaciones a desarrollar**

Realizar un estudio de necesidades

**Periodo de ejecución**

Curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

Ningún

**Indicadores de ejecución**

Informe coa análise dos datos recollidos

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- (a) Persoal de administración e servizos destinado ao Mestrado:

Continúa sendo escaso: unha administrativa para 5 mestrados universitarios. Ademáis, non existe persoal de apoio para os procedementos de calidade, o que supón que unha parte do profesorado debe acometer labores administrativos que non son da súa responsabilidade, restándolle tempo das súas actividades de docencia, investigación e a xestión ligada á toma de decisións.

- (b) Persoal docente.

A plantilla do profesorado está formada por 40 docentes: 1 catedrática de Universidade, 17 titulares de Universidade (11 mulleres), 1 catedrática de Escola, 2 contratadas doutoras, 3 titulares de escola (1 muller), 1 personal investigador (muller), 1 axudante doutora, 11 asociados (7 mulleres), e 3 docentes non pertencentes ao profesorado universitario (mulleres).

Do total da plantilla, 37 son docentes da propia Facultade, 2 son profesoras da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, 1 é profesora da Universidade de A Coruña, 1 é profesora da Universidade de Santiago e 3 non teñen vinculación coa Universidade. De todo o profesorado 25 son doutores (62,5%) e 15 son non doutores.

A meirande parte do profesorado non doutor (12) son profesionais que posúen experiencia laboral relevante para algún dos módulos do Mestrado: Servizos de búsqueda de emprego e formación de emprendedoras/es, directora do CIM (Centro da Información da Muller) da Concellería de igualdade do Concello de Ourense, técnica da Subdirección Xeral de Menores da Xunta de Galicia, docente da etnia cigana experta en mediación intercultural, xefe de servizo da área de Benestar Social do Concello de Ourense, traballadora social do Centro de Orientación Familiar de Ourense, Director dunha consultoría xeriátrica, Director dun centro educativo concertado, Director de recursos humanos nunha empresa local, etc. Ademáis, entre outros dos docentes asociados doutores destaca un experto no síndrome de Asperger.

Liñas de investigación prioritarias dos docentes do Mestrado: Maiores, Xénero e educación, Drogadicción, Ocio e tempo libre, Saúde, Dificultades de aprendizaxe, Creatividade, A vida nas aulas. Tamén son diversas as modalidades de investigación utilizadas: Investigación-acción na educación, Investigación biográfico narrativa, Investigación descritiva, Investigación experimental

-Durante o curso 2013-14 só se realizou unha incorporación na plantilla do profesorado, pois os docentes do mestrado, tanto pola súa actividade investigadora e docente, como pola súa actividade profesional, aportan importante experiencia ao mestrado, en ámbitos que lle son específicos. Ademais, e grazas ás actividades de módulo, e conferencias que se organizan desde algunhas das materias, contamos con recursos humanos alleos ao máster, que aportan formación adicional en ámbitos especializados.

-Mantense no plantel do profesorado unha profesora de orixe norteamericana, con experiencia no multilingüismo.

-Aumentan curso a curso as institucións e servizos nos que o alumnado realiza as prácticas curriculares externas, polo que cada ano son máis abundantes os recursos humanos colaboradores.

-O profesorado está satisfeito co Mestrado nos seus diversos apartados.

Grao de satisfacción do profesorado. Curso 2013-2014  
Coa planificación e desenvolvemento do ensino 5,70  
Cos espazos destinados ao traballo 6,05  
Coas fontes bibliográficas, plataforma e-learning, etc. 6,48  
Co alumnado 6,14

Estas valoracións son semellantes ás dos cursos anteriores, polo que non se observa ningún problema.

Si analizamos os números totais da avaliación que os estudantes realizan dos seus docentes no curso 13-14, a partir de cuestionarios que se complementan na aula, temos que o noso alumnado está satisfeito co labor dos seus docentes: 4,31 (sobre 5), superando todas as medias do resto dos Mestrados, do centro (3,91), da rama de coñecemento (3,87), e de toda a Universidade (3,95). Mais concretamente, están bastante satisfeitos tamén coa organización que os seus docentes realizan das actividades e tarefas que levan a cabo nas súas aulas: 4,29, superando o resto das medias dos Mestrados de centro (3,95), da rama de coñecemento (3,81) e do total dos Mestrados da Universidade (3,89). O mesmo sucede coas responsabilidades de planificación, valoradas con 4,03 (sobre 5), superando sempre a media de avaliación dos mestrados tanto do centro (4,02), como da rama (3,98), sendo semellante á media da totalidade dos Mestrados da Universidade (4,04).

Curso académico 2012-13. Valoración da actividade docente  
Valoración global dos docentes Planificación docente Desenvolvemento  
Mestrado Diversidade 4,31 4,29 4,50  
Media Mestrados centro 3,91 3,95 3,96  
Media Mestrados rama 3,87 3,81 3,81  
Media Mestrados Universidade 3,95 3,89 3,89

Para facer máis accesible a información pública, incorporouse á web do Mestrado un apartado específico para o profesorado, no que se inclúe: as coordinacións xerais, as coordinadoras/é de cada materia e o listado do profesorado. A través da web da Facultade, áchase de forma pública o horario de titorías, correo electrónico e a ubicación do despacho. A través da web do mestrado pódese coñecer o sistema de contacto coa administrativa do mestrado, e, a través da web da Facultade pódese contactar co resto do persoal de administración e servizos do centro e do Campus.

### Buenas prácticas

Participación no Mestrado de expertos en distintos ámbitos que non están incorporados na plantilla do título. Ofrecen perspectivas moi relacionados co ámbito laboral, variando, normalmente esta colaboración ano a ano. A súa vinculación realízase a partir da súa colaboración coas actividades de Módulo. No curso 2012-13 participaron, entre outros una psicóloga do Centro de Información dun concello, un escultor e investigador etnográfico, un experto/responsable dun centro de desenvolvemento rural, diversos profesionais encargados de centros de adultos, etc.

## **Propuestas de mejora**

Continuarase reclamando a diversos responsables e en distintos foros a necesidade de ampliar o PAS destinado a este centro e Mestrado, así como a tarefas de calidade.

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

-  Recursos\_humans.pdf
-  evaldocTitulacion\_2013-2014\_O05M138V01.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Aumentar o PAS

**Punto débil detectado**

Unha única persoa para 5 mestrados

**Ámbito de aplicación**

Plantilla PAS

**Responsable de su aplicación**

Xerencia da Universidade

**Objetivos específicos**

Aumentar o seu número

**Actuaciones a desarrollar**

Solicitar su ampliación

**Periodo de ejecución**

Curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

**Indicadores de ejecución**

Aumento da plantilla

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

-O Mestrado comparte recursos materiais e servizos cos que posúe a Facultade e o Campus. Ten un aula de referencia específica para as actividades docentes ordinarias.

-Durante o curso 2013-14 os estudantes valoran cun 4,69 (sobre 7) o conxunto de items que reflicte os recursos de apoio ao ensino. Queremos destacar a alta valoración que lle conceden ao persoal de administración e servizos (5,9 sobre 7), representado pola única administrativa que xestiona este e outros catro mestrados e o persoal de conserxería. En ambos casos, sempre manifestaron una conduta de apoio e solución de problemas, tanto ao alumnado como ao profesorado. A valoración mais baixa está nos servizos de reprografía, cafetería, etc. (3,62), supoñemos porque tais servizos están externalizados e non existen nos edificios baixo a responsabilidade da Facultade de Ciencias da Educación. Aínda así, arredor do centro prolifera un gran número de bares, restaurantes e fotocopiadoras.

Si analizamos as valoracións que se obteñen sobre este criterio a partir das enquisas de avaliación docente, comprobamos que o alumnado está satisfeito co equipamento do conxunto das materias, tanto nas súas clases teóricas como nas práctica, puntuando este aspecto cun 4,09 (sobre 5), superando a valoración que se realizan no resto dos Mestrados, tanto de centro (3,91), da mesma rama de coñecemento (3,94) como da totalidade dos Mestrados da Universidade (3,94)

-Continuando co grao de satisfacción do título, a valoración do profesorado é superior (5,70 sobre 7), estando satisfeito sobre todo cos fondos bibliográficos, plataformas e-learning, etc. (6,48) e os espazos docentes (6,05).

-Consideramos que os espazos e recursos materiais dos que dispón o mestrado son suficientes e axeitados, aínda que ano

tras ano detectamos un problema, que carece de solución, relativo á climatación das aulas que dan ao sul, pois resulta difícil nalguna época do ano reducir a temperatura ambiente.

- Revisase constantemente a accesibilidade para persoas discapacitadas, polo que xa se teñen anulado barreiras arquitectónicas, existen baños especiais para persoas con problemas de mobilidade, ascensores adaptados a persoas con dificultades de visión, etc.

- A reserva de espazos para uso da comunidade universitaria (alumnado, profesorado e persoal colaborador do Mestrado) é inmediata, sempre que non altere a boa marcha das actividades docentes do resto dos títulos da Facultade. Con iso facilítase a realización de reunións e outro tipo de actividades non docentes.

- Todas as aulas nas que se imparte docencia dispón de canón de proxección, ordenador e equipo de son, así como de conexión WIFI. Todo o edificio da facultade dispón de conexión WIFI.

- O profesorado utiliza maioritariamente a plataforma de teledocencia para diferentes obxectivos: facilitar ao alumnado o acceso á Guía Docente, a materiais necesarios para a adecuada realización das tarefas teóricas e prácticas a realizar polo alumnado; posibilitar a realización de foros de debate, etc.

- Todo o profesorado do Mestrado con dedicación a tempo completo á Facultade dispón dun despacho individual, mentres que os docentes a tempo parcial dispoñen de despachos dobres. Para aquel profesorado do Mestrado que non pertence á Facultade dispúxose dun seminario específico, para que poida realizar o seu o labor profesional en boas condicións.

-O alumnado do Mestrado conta cun espazo destinado ao traballo en equipo, con mesas amplas, conexión WIFI e columnas de conexión eléctrica para uso dos portátiles.


-No caso dos servizos e institucións nos que o alumnado realiza o Practicum, non detectamos problemas nas instalacións e materiais, sendo todos eles satisfactorios.

### **Buenas prácticas**

### **Propuestas de mejora**

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

 07\_Recursos\_materiais\_servizos.doc

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Anualmente, o acceso ás diferentes taxas actualizadas resulta de gran dificultade. Accédese a elas a partir do mes de setembro, pero non son fiables, pues poden variar nalgúns casos dun día para outro. Os datos que aparecen a continuación sobre as diversas taxas proceden dos datos recabados o 20 de setembro de 2014, a partir dos incluídos en UNIDATA.

Revisáronse os indicadores relevantes relacionadas coas taxas académicas do curso 2013-14, comparándoos cos cursos precedentes:

- (A) Taxa de rendemento. Curso 2009-10: 93,46. Curso 2010-11: 85,29. Curso 2011-12: 95,57. Curso 2012-13: 92,34. Curso 2013-14: 94,13.
- (B) Taxa de abandono. Non procede esta taxa porque no curso 2013-14 se implanta por primeira vez a última memoria modificada, polo que non se conta cos cursos dabondo para emitir esta taxa.
- (C) Taxa de graduación. Curso 2009-10: 72,73 . Curso 2010-11: 61,29 . Curso 2011-12: 87,88 . Curso 2012-13: 83,33 . Curso 2013-14: 83,33
- (D) Taxa de éxito. Curso 2009-10: 100 . Curso 2010-11: 98,13 . Curso 2011-12: 100. Curso 2012-13: 100. Curso 2013-14: 99,54.
- (E) Taxa de eficiencia. Curso 2009-10: 100. Curso 2010-11: 93,69. Curso 2011-12: 98,44. Curso 2012-13: 96,16. Curso 2013-14: 96,90

- Analizadas as novas taxas, atopámolos satisfactorias e congruentes coas contempladas na Memoria. Coa excepción da taxa de graduación, situada nun 82.33, o resto superan amplamente o previsto na Memoria (85,00) e moi semellantes aos pasados cursos.

- Non contamos con estudos sobre a inserción laboral do título, posto que non contamos con recursos materiais e humanos para a realización de tal tarefa. Neste punto, a institución universitaria ou mesmo a Consellería tampouco ofrecen este tipo de información, en especial para titulacións concretas. Si, en cambio, ofrecemos ao noso alumnado actividades específicas para preparalos á procura de emprego, como charlas informativas da Oficina de Información e Emprego. Tamén animamos á asistencia ao Forum-Emprego Universitario, destinado a alumnado dos últimos cursos dos Grados e ao alumnado dos Mestrados. É responsable desta actividade unha das profesoras do noso título, que é Conselleira Eures. Con todo, o grao de asistencia a estas actividades é moi reducido.

- No curso 2013-2014 o grao de satisfacción co título dos estudantes é lixeiramente superior ao do curso pasado, alcanzando, agás nas accións de titorización, ao previsto nos obxectivos de calidade (igual ou superior a 4 sobre un máximo de 7). En conxunto as súas valoracións van entre suficientes e satisfactorias. Por parte do profesorado, todas as valoracións ofrecidas son satisfactorias.

- A continuación analizamos os indicadores de satisfacción co título:

- Indicadores 71, 72 e 73, relacionados cos programas de mobilidade, admisión estudantes e accións de titorización

Media Mestrado Diversidade: 4,90

Media Mestrados Universidade: 4,83

Media Mestrado da rama: 4,87

A media do Mestrado de Diversidade no curso 2012-13 foi de 4,38, mentres que no curso 13-14 subiu lixeiramente a 4,90.

Esa media é lixeiramente superior á da totalidade dos mestrados da Universidade (4,83) e á media dos mestrados da rama (4,87).

- Indicador 74, relacionado coa planificación do título

Media Mestrado Diversidade: 4,08

Media Mestrados Universidade: 4,16

Media Mestrado da rama: 4,20

Os estudantes do mestrado valoraron este criterio con 4,08 lixeiramente superior á valoración do curso pasado (3,81), alcanzando o previsto nos obxectivos de calidade para este punto, cifrado nun 4. A valoración foi lixeiramente inferior á da media dos mestrados da Universidade (4,16) e á media dos mestrados da rama (4,20).

- O indicador 75, relacionado cos servizos e recursos materiais

Media Mestrado Diversidade: 4,65

Media Mestrados Universidade: 5

Media Mestrado da rama: 5,12

O indicador foi valorado polo alumnado cun 4,65 algo inferior á valoración do curso 12-13 (4,75). Este item posúe unha valoración inferior á media dos mestrados da Universidade (5) e a dos mestrados da rama (5,12). Creemos que a causa é debida a que existe un su-item no que se valora os servizos de cafetería, reprografía, comedor, servizos que non existen no edificio da Facultade de Ciencias da Educación, pero si noutros centros, facendo que esa puntuación baixe a media do indicador.

- En conxunto, valoramos os resultados das enquisas de satisfacción emitidas polo alumnado como aceptables, semellantes á media da Universidade e polo xeral lixeiramente superior ás emitidas o curso pasado. Consideramos que esta valoración debería mellorar no futuro.





- A taxa de participación do alumnado no curso 13-14 foi do 30%, contestando só as mulleres. Esa taxa, aínda que non a consideramos satisfactoria, está moi por encima da media dos Mestrados da Universidade, cunha taxa de 19,23, sendo tamén máis elevada que a media dos Mestrados da rama (xurídico-social), cun 21,36. Esa diferenza agrándase si analizamos o grao de participación do profesorado. No Mestrado de Diversidade é do 84%, mentres que a media dos mestrados da Universidade é de 33,06% e a media dos mestrados da rama é do 44,26%.

### Buenas prácticas

**Propuestas de mejora**

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificaciones de las modificaciones**

-  2013\_14\_Grao\_de\_satisfaccixn\_\_Estudantado.pdf
-  2013\_14\_Taxas\_verificadas\_v02.pdf
-  Resultados.pdf
-  evaldocTitulacion\_20132014\_O05M138V01.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- DESENVOLVEMENTO DO SGIC

Principais implicados na xestión do sistema de garantía de calidade:

(a) Equipo decanal da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, para o establecemento, desenvolvemento, revisión e mellora do sistema de garantía interno de calidade, que inclúe todas as titulacións do centro: 4 Grados e 3 Mestrados Universitarios, ademais de compartir responsabilidade sobre o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria.

(b) A Comisión de Garantía de Calidade que traballa na implantación do SGIC, e na que están representados todos os títulos do centro.

(c) O control de calidade lévese a cabo, tamén, polo propio Mestrado a través da coordinación do mesmo e a súa Comisión Académica, coa colaboración do seu profesorado e alumnado.

Esta estrutura é adecuada para reflexionar e acometer accións reais de mellora, pero non é suficiente para asumir toda a recolleita de evidencias e a súa incorporación á aplicación correspondente. O sistema de Garantía de Calidade é moi complexo e demasiado extenso, creando malestar en moitos equipos decanais ou de dirección, pois non se conta con persoal administrativo nos centros para acometer esas tarefas. Cóntase con bolseiros, uns financiados polos servizos xerais e dous pola propia Facultade. Mais os bolseiros non son a solución para acometer toda a carga burocrática que supón crear, gardar e subir á aplicación informática dunha cantidade inxente de protocolos, posto que varían cada ano e carecen da formación previa necesaria.

Os problemas agudízanse en Facultades como a de Ciencias da Educación, pois se debe recoller e organizar documentación e elaborar informes de seguimento para un número elevado de títulos. O problema global agudízase pois

en dous dos graos (Educación Infantil e Educación Primaria) o Seguimento de Título hai que realizalo en colaboración con dous centros mais, pois son títulos que se imparten en tres centros. Esta situación incrementa o tempo de traballo e a dificultade. Finalmente, atopámonos con persoas que teñen responsabilidades de xestión, e polo tanto, tamén nos procesos de calidade, en varios títulos simultaneamente. Na actualidade son poucas as persoas que aceptan cargos de xestión, o que provoca a concentración de traballo e responsabilidades en poucos docentes.

Debido á dificultade que existe en que se asuman responsabilidades de xestión, non existiu ata xullo de 2014 unha persoa do equipo decanal que asumise na Facultade a responsabilidade principal do proceso de calidade da Facultade. Asimesmo, non existe no Mestrado de Diversidade unha persoa que teña a responsabilidade exclusiva de levar as cuestións de Calidade. Así, dende o ano 2008 a decana da Facultade asumiu a coordinación de calidade do centro e a coordinación de calidade do Mestrado. Consideramos necesario que esa responsabilidade se asuma con carácter preferente.

#### - CAMBIOS NOS DOCUMENTOS DO SGIC

A finais do curso 2013-14 aprobáronse un número importante de novos procedementos de calidade asociados ao novo SGIC. Por parte de órganos colexiados da Facultade, as datas de aprobación foron as seguintes: pola Comisión de Calidade o 9 de xuño de 2014, e pola Xunta de Centro o 9 de xullo. Previamente, eses procedementos foron aprobados pola Área de Apoio á Docencia e Calidade o 24 de abril do 2013.

Polo momento, parte dos procedementos coinciden cos vixentes ata o momento, mentres que outros son de nova creación ou adaptación. O proceso está aínda en construción, non estando finalizado aínda o Manual de Calidade.

Con independencia dese proceso de cambio, durante o curso 2013-14 se crearon novos procedementos relacionados coas prácticas externas curriculares, substituindo e ampliando a parte dos que se empregaban ata o momento. Estes novos procedementos creáronse a partir das recomendacións da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, para aplicar o Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de maio de 2012. Tal Regulamento confeccionouse ao aveiro do RD 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas Externas dos Estudantes Universitarios. Este R.D estivo vixente ata o 28 de xuño de 2013, polo que os protocolos novos realizados pola Facultade corresponderon a un decreto en suspenso, pois o novo RD que substitúe ao anterior é do 11 de xuño de 2013. O feito de estar cambiando continuamente de normativa non favorece en nada o bo funcionamento dos centros.

#### - PRINCIPAIS DECISIÓNS TOMADAS NO MARCO DO SGIC

O cambio principal produciuse na modificación da composición da Comisión de Garantía de Calidade do centro e da renovación de parte dos seus membros. A última Comisión estaba composta por: 2 membros do equipo decanal, 7 membros do PDI (un por cada titulación exclusiva do centro), e 1 membro da área de calidade. Non se cubriran os postos de PAS, alumnado e egresados, que si tiñan representantes na Comisión de Calidade que se creou no ano 2008. A última sesión con esta Comisión tivo lugar o 9 de xuño de 2014. A nova Comisión foi nomeada na Xunta de Centro do 9 de xullo de 2014, coa seguinte composición: presidenta e secretaria (vicedecana de Calidade), 9 membros do PDI (todos os coordinadores de título, agás o de Educación Primaria, por coincidir coa presidenta; 3 docentes con responsabilidades de apoio a calidade e 1 docente do Mestrado de Profesorado de Secundaria), 1 PAS, 2 estudantes, 2 egresados, 1 representante da sociedade, e 1 membro da área de calidade.

Outro dos cambios organizativos importantes foi a creación, no novo equipo decanal, da figura de vicedecana/o de calidade, responsabilidade que asumía a antiga decana. Este cambio supón que dentro do equipo decanal existe xa unha persoa cunha responsabilidade exclusiva para os procesos de calidade da Facultade.

#### CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE

Estamos satisfeitos de como se está realizando o proceso de implantación dos novos títulos da Facultade, en xeral, e deste Máster en particular. Tamén estamos satisfeitos polo proceso de seguimento de títulos anuais que se levou neste centro, pois os 7 títulos específicos desta Facultade, agás un deles e nunha única ocasión, todos tiveron unha valoración de "conforme". O problema, tamén deste Mestrado, está na xeración de evidencias das actividades ou procesos que se levan a cabo na realidade, e na incorporación das mesmas á aplicación informática. Aquí está o noso reto.

No curso 13-14 no Mestrado cumprimos os obxectivos de calidade previstos para a Facultade:

Obxectivos do Plan de Estudos.

Obxectivo: Potenciar a difusión entre o alumnado, dos obxectivos do plan de estudos ligados a cada unha das titulacións do centro. Comprobación: Análise das enquisas de satisfacción do alumnado de todas as titulacións, referidas ao ítem 1 do indicador 74. VALORACIÓN OBTIDA: 4,62

Políticas e procedementos de admisión.

Obxectivo: Potenciar a difusión da política e criterios de admisión así como o perfil de entrada asociados a cada unha das titulacións do centro entre o alumnado. Comprobación: Análise das enquisas de satisfacción do alumnado de todas as titulacións, referidas ao ítem 1 do indicador 71. VALORACIÓN OBTIDA: 5,92.

Planificación e Desenvolvemento do ensino.

Obxectivos: (1) Valoración dos informes de seguimento e mellora dos títulos, dacordo coas directrices establecidas pola ACSUG (2) Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das titulacións impartidas no centro. Comprobación: (1) Nº de títulos coa valoración de conforme e de non conforme. O MESTRADO OBTIVO UN INFORME DE "CONFORME", AO IGUAL QUE O RESTO DOS TÍTULOS EXCLUSIVOS DESTE CENTRO (2) Análise de resultados das enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 74). VALORACIÓN OBTIDA: 4,08.

Satisfacción dos grupos de interese.

Obxectivo: Mellorar o procedemento para a xestión de queixas e suxestións que permita obter valores cuantitativos anuais. Comprobación: Crear un rexistro anual de datos queixas e suxestións. CREOUSE UN REXISTRO ANUAL NA FACULTADE, PERO A ESTE REXISTRO NON CHEGAN AS OPINIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE ESTE MESTRADO.

Accións para orientar ao estudante.

Obxectivo: Integración dos Mestrados no Plan de Acción Titorial do centro. Comprobación: Analizar as accións de titorización dos diferentes Mestrados. AS ACCIÓNS NON FORON SUFICIENTES.

Persoal académico.

Obxectivo: Obter unha valoración media superior a 3,5/7( ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado. Comprobación: Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 76). NON CONTAMOS CON ESES DATOS PARA ESTE CURSO.

Recursos e servizos.

Obxectivos: (1) Obter unha valoración media superior a 3,5/7( ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino, en todas as titulacións do centro. (2) Obter unha valoración media superior a 3,5/7( ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado cos recursos de apoio ao ensino. Comprobacións: (1) Análise de enquisas de satisfacción do PDI de graos e posgraos (indicador 80). VALORACIÓN OBTIDA: 6,05 (2) Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos (indicador 75). VALORACIÓN OBTIDA: 4,65

#### PROCEDEMENTO INCIDENCIAS

Contamos con procedementos para recoller as opinións dos diferentes colectivos que conforman este título, grazas á existencia de formularios específicos (queixas, suxestións, incidencias), de diversas caixas de suxestións, e da comunicación directa do alumnado coas persoas con responsabilidade de coordinación do título. Este sistema aparece como moi útil e activo para os Graos do centro, pero non así para o Mestrado. Deberíamos ter na web do centro un sistema específico para recoller as suxestións, queixas, etc.

#### PARTICIPACIÓN NAS ENQUISAS

Malia os esforzos que anualmente realizamos para que o alumnado participe nas enquisas do grao de satisfacción co título, non conseguimos o que consideraríamos unha boa participación (arredor do 50%). Sen embargo, se facemos unha análise comparativa, os nosos resultados son moi superiores tanto á media de todas as titulacións da Universidade, como á media da participación do alumnado dos Mestrados. A participación do profesorado si que é moi positiva, pois nos últimos cursos vai do 65% ao 81%, media moi superior ao resto da Universidade.

Porcentaxe de participación nas enquisas de grao de satisfacción co título  
Curso 2013-14 Curso 2012-13 Curso 2011-12 Curso 2010-11



Profesor. Alumnad. Profesor. Alumnad. Profesor. Alumnad. Profesor. Alumnad.  
Todas as titulacións Universidade 36 18 31 16 35 19 36 18  
Todos os Mestrados da Universidade 33 19 27 19 33 21 36 24  
Mestrado Diversidade 81 38 65 28 70 41 71 31

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Aínda que no curso 13-14 existe ampla información na web da Facultade dentro do apartado de Calidade, existen documentos relevantes que non aparecen publicados. Na web do Mestrado todo o de calidade remítase ao que consta na web da Facultade, e non aparecen incorporados materiais específicos do Mestrado, algún deles si que constan noutros apartados, pero non no de Calidade.





#### Buenas prácticas

#### Propuestas de mejora

- Nomear unha persoa, dentro da Comisión Académica do Mestrado, que asuma preferentemente a responsabilidade exclusiva dos procesos de calidade do Mestrado.
- Incorporar na aplicación do sistema de calidade todos os procedementos relacionados cos cursos 13-14 e 14-15, e dentro do posible, ampliar a incorporación de procedementos de cursos anteriores.
- Actualizar na web todos os documentos relacionados co proceso de calidade.

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificación de las modificaciones

-  2013\_14\_Grao\_de\_satisfaccixn\_\_Estudantado.pdf
-  2013\_14\_Taxas\_verificadas\_v02.pdf
-  SGC.pdf
-  evaldocTitulacion\_20132014\_O05M138V01.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

(1) Actualizar web documentos relacionados co SGIC (2) Incorporar na aplicación do SGIC todos os procedementos cursos 13-14 e 14-15 (3) Responsable Calidade

**Punto débil detectado**

(1) Pouca presenza na web dos Mestrado dos procesos de calidade (2) Están incorporados nun nº reducido (3) Non existe unha persoa que teña exclusivamente esa responsabilidade

**Ámbito de aplicación**

(1) Web do Mestrado (2) (3) Aplicación do SGIC

**Responsable de su aplicación**

(1) (2) (3) Coordinación do Mestrado

**Objetivos específicos**

(1) Recoller na web todos os procesos de calidade (2) Completar todos os protocolos do curso 13-14 e 14-15 e, se fose posible, de cursos anteriores (3) Ter algunha persoa con responsabilidade exclusiva no ámbito da Calidade

**Actuaciones a desarrollar**

(1) Incorporar na web todos os procesos de calidade que aínda non están presentes (2) Incorporar os protocolos (3) Nomear a unha persoa do Mestrado coa responsabilidade de Calidade

**Periodo de ejecución**

(1) 1 ano (2) (3) Curso 2014-15

**Recursos / financiamiento**

(1) (2) (3) Ningún

**Indicadores de ejecución**

(1) Ter recollido na web todos os procesos de calidade (2) Nº de procedementos incorporados e que restan por incorporar (3) Nomeamento realizado

**Observaciones**

Ata o momento a coordinadora do título faciase cargo tamén dos procesos de calidade do mestrado.

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

- Cumpríuse satisfactoriamente o cronograma de implantación incluído na Memoria do Mestrado.

- No curso 2013-14, cunha oferta anual, o Mestrado alcanzou a súa sexta edición, desenvolvéndose ininterrompidamente desde o curso 2008-09, sempre cun elevado número de matriculados. Actualmente, está xa en sétima edición.

- En xullo do 2013 aprobouse unha nova Memoria do Mestrado, na que se adapta nuevamente á última lexislación vixente. Durante o curso 2013-2014 realizouse a implantación cos novos cambios.

- Ao ser un título que non procede de estudos anteriores, non existen ensinos que se extingan derivadas da implantación do Mestrado.

- Ata o momento non foi solicitado ningún recoñecemento de créditos de estudos anteriores por parte do alumnado do Mestrado, aínda que a comisión académica segue en disposición de valorar cada curso académico se procede ou non a adaptación de materias previamente cursadas polos estudantes e elaborar, no seu caso, unha táboa de adaptacións que se faría pública previamente ao periodo de preinscripción.

- Aprobouse pola Comisión Académica ofrecer aos estudantes con materias pendentes (especialmente o TFM) a oportunidade de presentarse á convocatoria anticipada, de conformidad coa normativa da Universidade de Vigo, para facilitar a graduación dos mesmos, sen ter que esperar a que finalizase o curso académico 2013-14.

**Buenas prácticas**

**Propuestas de mejora**

**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores**



**Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas.docx**

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".**



09\_Indicadores\_do\_SIGC\_13-14x.pdf

**Evidencia de:**

Máster en Intervención multidisciplinar en la diversidad en contextos educativos

**Adjuntar tabla síntesis de acciones de mejora**



12\_Proposta\_Plan\_Mellora\_2013\_14.pdf



13\_Plan\_melloras todos os cursosx.pdf